

PRÁCTICAS EN EMPRESA PROPICIADAS POLO **ALUMNADO** **CURSO ACADÉMICO 2024/2025**

CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS EN EMPRESA PARA O ALUMNADO DO MÁSTER EN PSICOLOXÍA DO TRABALLO E AS ORGANIZACIÓNS E PSICOLOXÍA XURÍDICO-FORENSE (ESPECIALIDADE DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E AS ORGANIZACIÓNS)

O Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado en Consello de Goberno o 29 de xullo de 2015, establece o procedemento para a realización das prácticas curriculares e extracurriculares.

A realización das prácticas externas esixirá o asinamento de un convenio de cooperación educativa entre a USC e a entidade correspondente.

Este Decanato convoca o procedemento para a realización de prácticas en empresas **propiciadas polos estudantes do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídico-Forense (especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións)**.

Estas prácticas corresponden á materia optativa **P3421209 Prácticas externas de psicoloxía do traballo, recursos humanos e relacións laborais**, e terán unha duración de **150 horas equivalentes a 6 créditos ECTS**.

REQUISITOS

1. Que as prácticas propostas polo alumnado non sexan ofertadas polo centro na convocatoria do curso 2024-2025.
2. Que o/a alumno/a non sexa traballador/a desta empresa/institución.
3. Que non se trate de empresas dirixidas ou administradas polo/a estudante que promove ás prácticas ou por persoas que teñan con el/a un parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao, ou de afinidade dentro do segundo. Este mesmo requisito será aplicable cando se trate da propiedade da empresa ou sociedade no caso en que a participación na mesma supere o 10%. No caso de falsidade nesta declaración procederase, previa audiencia ó estudantado, á anulación das prácticas e dos seus efectos de recoñecemento no seu expediente, sen prexuízo das accións disciplinarias e penais que procedan.
4. O alumnado deberá presentar debidamente cubertos os seguintes documentos:
 - Solicitud de realización de prácticas na empresa ou institución proposta (**Anexo I**)
 - Declaración xurada de non ter relación coa empresa ou institución (**Anexo II**)
 - Plano de traballo a realizar na empresa ou institución (**Anexo III**)
 - Datos necesarios para a sinatura do convenio (**Anexo IV**). Solo se non teñen asinado o convenio con esta facultade ou xa non está en vigor.

Os impresos poderán recollerse na Secretaría do Decanato da Facultade ou ben, **descargar os formularios publicados na web da facultade ou na intranet (formato PDF)**.

5. A realización destas prácticas é incompatible coa realización de outro tipo de prácticas validables por créditos recoñecibles no curriculum do/a alumno/a. O alumnado que opte por esta modalidade de prácticas, non poderá optar pola de prácticas ofertadas polo Centro.

6. A realización das prácticas esixirá a sinatura dun Convenio entre a USC e a entidade correspondente, despois de admitida a realización daquelas.

En ningún caso poderán ser iniciadas as prácticas antes de que o convenio entre a empresa ou institución e a USC non sexa asinado, o/a alumno/a formalice a súa matrícula na materia *P3421209 Prácticas externas de psicología do traballo, recursos humanos e relacións laborais* e teña entregado o anexo de incorporación ás prácticas no prazo estipulado.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será dende o **30 de setembro ata o 31 de outubro de 2024** e deberán presentarse por rexistro na Secretaría do Decanato da Facultade de Relacións Laborais, en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou debidamente asinados e enviados ó correo relacionslaborais.decanato@usc.es

Resolución provisional do alumnado e prácticas admitidas: **5 novembro 2024.**

Non se asignará práctica algunha ó alumnado que non teña o NUSS (Número de Seguridade Social) rexistrado na secretaría virtual antes da data de publicación da resolución provisional. No caso do alumnado estranxeiro ademais debe pedir o NIE e comunicarse coa UXA para actualizar os seus datos no expediente académico.

Prazo de reclamacións: **6-7 de novembro de 2024.**

Resolución definitiva de asignación de prazas: **8 de novembro de 2024.**

Datas para formalizar matrícula: **11-14 novembro de 2024.**

Inicio das prácticas: **a partir do 2 de xaneiro de 2025 se está asinado o Convenio de colaboración coa empresa/institución.** Como máximo deberán estar finalizadas a **31 de agosto de 2025.**

Convocarase ó alumnado a unha **reunión presencial obrigatoria** unha vez publicada a asignación provisional das prazas, para explicar o desenvolvemento das prácticas: proceso de alta na seguridade social, anexo de incorporación e prazos de entrega entre outros aspectos.

Ó finalizar as prácticas o alumnado deberá entregar no **prazo de 10 días** á Coordinadora do Máster unha memoria para poder ser avaliado da materia (as instrucións do contido da memoria está dispoñible no campus virtual da materia).

Santiago de Compostela, *na data da sinatura electrónica*

O Decano da Facultade de Relacións Laborais

Jesús Salgado Velo

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

ANEXO I

**SOLICITUDE DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS PROPICIADAS POLO ALUMNADO
(Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense)**

DATOS DO/A ESTUDANTE

APELIDOS:.....
NOME:.....
DNI:..... TELÉFONO:...../
CORREO ELECTRÓNICO:.....

Alumno/a do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense da Facultade de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela

SOLICITA

Ser admitido/a para a realización de prácticas en empresa propiciadas polo alumnado da citada facultade, no actual curso 20...../20..... na entidade:

DATOS DA EMPRESA / INSTITUCIÓN

NOME OU RAZÓN SOCIAL:.....
RÚA/PRAZA/Nº:.....
LOCALIDADE:..... PROVINCIA:..... C.P.:.....
TELÉFONO:..... CORREO ELECTRÓNICO:.....
NIF:..... FAX:.....
TITOR DA EMPRESA/INSTITUCIÓN:.....

Santiago de Compostela, de de 20....

Asdo.:

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA DO/A ESTUDANTE

Don/a _____

co DNI nº _____, declara baixo xuramento:

que a empresa/entidade: _____

na que solicita ser admitido/a para a realización de prácticas en empresa propiciadas polo alumnado do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense, da Facultade de Relacións Laborais da USC, no actual curso 20...../20..... non está participada en mais dun 10%, nin dirixida nin administrada por el/a, nin por persoa ou persoas coas que teña un parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao, ou de afinidade ata o segundo grao.

_____, ____ de _____ de 20__

Asdo: _____

(Esta declaración debe ser cuberta e asinada polo/a alumno/a que solicita a realización da práctica)

ANEXO III
PLANO DE TRABALLO

O/A Sr./Sra. D./D^a _____

Nomeado/a pola empresa _____

como titor/a do alumno/a:

declara que o plano de traballo durante o desenvolvemento das mesmas será o seguinte:

Descrición do traballo que vai a realizar o estudante:

As prácticas será dende o día ____ de _____ de 20__, ata o día ____ de _____ de 20__

O número total de horas a cumprimentar será de 150, sendo o horario diario de _____

Ao remate do período de prácticas emitirase o informe final sobre o resultado do programa fixado no plano de traballo.

_____, ____ de _____ de 20__

O/A TITOR/A DA EMPRESA/INSTITUCIÓN

Asdo: _____

(Documento para ser cuberto e asinado polo representante da empresa/institución)

ANEXO IV

DATOS NECESARIOS PARA A SINATURA DO CONVENIO

Os datos que a seguir se relacionan son os que, por indicación da Asesoría Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela, se precisan para cubrir e posteriormente asinar o convenio de colaboración para a realización de prácticas en empresas polo alumnado:

DATOS DA EMPRESA/INSTITUCIÓN

NOME:.....
RÚA /PRAZA:.....
LOCALIDADE:.....
PROVINCIA:.....
C. P.:.....
CIF:.....
PERSONA DE CONTACTO:.....
TELÉFONO:.....
CORREO ELECTRÓNICO:.....

DATOS DA PERSOA QUE ASINARÁ O CONVENIO POR PARTE DA EMPRESA/INSTITUCIÓN

NOME E APELIDOS:.....
NIF:.....
INDICAR O PODER DE REPRESENTACIÓN:.....
INDICAR SE DISPÓN DE SINATURA ELECTRÓNICA.....
CORREO ELECTRÓNICO:.....

COPIA OU DATOS DA REPRESENTACIÓN LEGAL DO ASINANTE DA EMPRESA OU ENTIDADE. DEBERÁN FACERSE CONSTAR OS DATOS DA ESCRITURA, PODER NOTARIAL OU CALQUERA OUTRO DOCUMENTO QUE ACREDITE A SÚA REPRESENTATIVIDADE.

Nº DA ESCRITURA:.....
DATA:.....
OUTORGADA EN:.....
ANTE O/A NOTARIO/A D./Dª:.....

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JESÚS FERNANDO SALGADO VELO, NIF ***2253**, 24/09/2024 12:36:10.

CSV: E3E0-2D78-4231-AA90